

Treides comigo!



XUNTA
DE GALICIA

UNIDADE DIDÁCTICA

Xoán Curiel é un artista independente cun longo percorrido artístico que o ten levado polo mundo para compartir e promover a cultura galega dende o ano 2000.

Son 20 anos de traxectoria e recoñecementos deste trobador divulgando as súas músicas e metáforas en múltiples escenarios.

Treides comigo! é o seu sétimo disco, un traballo de madurez que bebe da lírica medieval galego-portuguesa e que conta coa voz da cantante Iris Gey e outras colaboracións de luxo.

Fotografías da unidade:

Páxs. 3 / 4: Álvaro Liste

Páx. 6: pedronchi / Wikipedia

Páx. 8: Museo de Navarra

Páx. 9 / 16 / 17 / 23: dominio público / Wikipedia

Páx. 10 / 20: Biblioteca do Escorial

Páx. 14: Biblioteca da Universidade de Heidelberg

Páx. 15: Juan Luis Rúa Prieto

Produción: Xoán Curiel

Textos e revisión lingüística: Estela Jorge Tarrio, Iris Gey López, M^a do Mar Hermida Pico, Paloma Hernández González e Xoán Curiel

Comunicación: Paloma Hernández González

Deseño e maquetación: Ekinocio

xoancuriel.com

CONTIDOS

páx. 03 1. PRESENTACIÓN

páx. 04 2. ELEMENTOS DO CURRÍCULO

2.1. Contidos que se traballan da materia de Lingua Galega

2.2. Contidos que se traballan da materia de Música

2.3. Elementos transversais

páx. 06 3. MARCO TEÓRICO

3.1. Xéneros principais das cantigas

3.2. As soldadeiras

3.3. Onde podemos atopar as cantigas?

3.4. Autoría e interpretación das cantigas

3.5. “Ingredientes” das cantigas

3.6. Simboloxía das cantigas de amigo, de amor e de escarnio

3.7. Pequena achega sobre a pronuncia

páx. 16 4. HISTORIA DO PERGAMIÑO VINDEL

páx. 17 5. NEOTROBADORISMO

páx. 18 6. OS INSTRUMENTOS DO *TREIDES COMIGO!*

páx. 20 7. ACTIVIDADES



1. PRESENTACIÓN

Con esta unidade didáctica queremos achegar o alumnado á figura dalgúns trobadores que aparecen no disco *Treides comigo!* de Xoán Curiel e ofrecer tamén unha pequena mostra das cantigas da lírica medieval galego-portuguesa.

Así mesmo, prestamos especial atención á figura de Martin Codax e ao *Pergamiño Vindel*, dado que a súa obra ten especial relevancia por ser un dos dous manuscritos de lírica profana da época que combinan literatura e música.

Tanto o profesorado de Lingua e Literatura como de Música poderán xogar coas propostas que aquí achegamos e traballar distintos aspectos que axudarán ao alumnado a ter outra visión, máis ampla, musical e creativa da literatura medieval galego-portuguesa.

Para conseguirmos este obxectivo, introducimos datos curiosos, examinamos conceptos chave para entendermos os textos das cantigas interpretadas e tamén traballamos puntualmente dende a didáctica musical, introducindo, dun xeito transversal, os instrumentos utilizados no disco que dan vida a estas cantigas.

Queremos que o noso público xogue, experimente ser trobador por un día e, quen sabe, encontre nos leixapréns, dobres ou fiindas unha inspiración. Así mesmo, gustaríanos facer reflexionar as rapazas e rapaces dende unha perspectiva de xénero sobre a natureza autorial das cantigas, de aí que acheguemos outras teses que apuntan á muller como autora non recoñecida e invisibilizada ao longo da historia.

Aínda que os contidos poden interesar a un público amplo, están deseñados para o alumnado de 3º da ESO e 1º de Bacharelato, xa que é nestes niveis onde se traballan máis concienciadamente os textos da lírica medieval galego-portuguesa. Ademais o alumnado de 4º tamén se pode ver beneficiado, ao contar xa cunha base, cando menos lexical, sobre certos aspectos cruciais da literatura medieval e, sobre todo, por ser esta unha unidade interdisciplinar, que toca tamén o currículo de música.

Para localizarmos a unidade dentro do marco educativo, introducimos un primeiro apartado de carácter teórico en relación cos elementos do currículo.

Illa de San Simón, imaxe do vídeo
Mentir-lh'-ei do disco Treides comigo!
Foto: Álvaro Liste



Illa de San Simón, imaxe do vídeo
Mentir-lh'-ei do disco Treides comigo!
Foto: Álvaro Liste

2. ELEMENTOS DO CURRÍCULO

2.1. Contidos que se traballan da materia de Lingua Galega

A materia de Lingua Galega organízase en todos os niveis en cinco bloques de contido: “Comunicación oral. escoitar e falar” (B1), “Comunicación escrita. Ler e escribir” (B2), “Funcionamento da lingua” (B3), “Lingua e sociedade” (B4) e “Educación literaria” (B5).

A continuación expomos os contidos de 3º da ESO e 1º de Bacharelato que a nosa unidade traballa de maneira directa, deixando a un lado aqueles que se derivan do traballo particular do profesorado co alumnado, como, por exemplo, “uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos”.

2.1.1. 3º da ESO

- B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.
- B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.
- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega dende os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega dende as súas orixes na Idade Media ata 1916.
- B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega dende a Idade Media ata 1916.
- B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega dende a Idade Media ata 1916.
- B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega dende a Idade Media ata 1916.
- B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

2.1.2. 1º de Bacharelato

- B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.
- B4.1. Funcións sociais da lingua.
- B4.4. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo.
- B4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística.
- B5.1. Definición dos conceptos “literatura” e “texto literario”, caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
- B5.3. A literatura medieval: contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
- B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e máis o xénero ao que pertencen.

2.2. Contidos que se traballan da materia de Música

Posto que a música, xunto co texto, é o motor principal xa non só deste proxecto, senón das propias cantigas medievais (ao seren concibidas para se musicar e interpretar), consideramos oportuno introducir algúns dos contidos que se traballan nesta unidade canto á materia de Música e que coinciden co nivel de 2º da ESO. Estes contidos correspóndense fundamentalmente cos bloques de “creación e interpretación” (B1), “escoita” (B2) e “contextos musicais e culturais” (B3).

- B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
- B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
- B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.
- B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.
- B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

2.3. Elementos transversais

Ademais da comprensión lectora, a expresión oral e a escrita, esta unidade traballa a igualdade efectiva entre homes e mulleres ao ofrecer a tese exposta por Ria Lemaire sobre a autoría feminina das cantigas de amigo. Focalizamos, así pois, o noso discurso, tanto no libreto do disco como na unidade, cara á invisibilización da muller no eido literario, non tanto na literatura galega como na literatura peninsular ou universal, fomentando así os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación.



Músicos no Pórtico da Gloria.
Catedral de Santiago

3. MARCO TEÓRICO

A seguir, introducimos unha serie de definicións sobre conceptos chave para entendermos a literatura galego-portuguesa a respecto das cantigas profanas adscritas aos xéneros de amigo, amor e escarnio. Á súa vez, achegamos curiosidades sobre a historia do *Pergamiño Vindel*. A maiores, incorporamos unha definición dos instrumentos utilizados neste disco e a súa categorización (vento, percusión, corda) para que nos resulte máis doado familiarizarnos coas súas sonoridades. Para terminar, incluímos unha serie de actividades como proposta, para realizardes despois da escoita do disco.

Como o noso propósito é explorar as cantigas do disco *Treides comigo!*, sempre que nos sexa posíbel introduciremos exemplos tirados directamente destas.

Así mesmo, a maiores do marco teórico recollido na unidade didáctica, apoiamos cos contidos teóricos que aparecen no libreto do disco algunha das actividades propostas. É por iso que recomendamos traballar cos dous documentos paralelamente.

Os exemplos en que aparecen as transcricións das cantigas que utilizamos foron extraídos do proxecto *Littera* da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade de Lisboa dende o seu inxente traballo de transcripción, edición e documentación sobre o corpus total das cantigas medievais galego-portuguesas recollidas en cancioneros.

Os nomes dos autores das cantigas tomámoslos do proxecto *Universo Cantigas* levado a cabo dende a Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña e dirixido por Manuel Ferreiro.

3.1. Xéneros principais das cantigas

CANTIGAS DE AMOR

Nas cantigas de amor atopamos como argumento esencial o amor non correspondido. Así, un home sofre de amor (*coita* amorosa) pola súa “senhor” ou namorada, que é normalmente unha muller casada.

CANTIGAS DE AMIGO

Neste caso, é unha muller a que se dirixe ao seu amigo (namorado). “Amigo” é, por tanto, a palabra chave que nos axuda a determinar o xénero da cantiga.

É importante ter en conta que aínda que a voz poética é nestas composicións feminina, as mulleres da época non escribían, pois eran moi poucas as que recibiran educación e as que podían acceder á cultura. Así, os escritos eran na súa maioría de orixe masculina, salvo contadas excepcións.

As poucas mulleres que escribían na época (soldadeiras) adquiriron moito protagonismo e era frecuente toparse con composicións que as vexaban ou humillaban, o que evidencia o poder do patriarcado na época.

CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR

Este xénero está composto por pezas que tratan temas da época moi diversos (temas políticos, históricos, leas entre trovadores ou personaxes da época), sempre nun ton satírico e burlesco. É por iso que teñen unha importancia maior ca as de amigo ou amor, porque dende unha perspectiva histórica e sociolóxica resultan moi interesantes.

Non sempre é fácil inserir as cantigas nun xénero ou noutro (escarnio ou maldicir), por iso adoitan presentarse en conxunto. Xa na *Arte de trovar* (unha especie de manual medieval sobre literatura da época) aparecían como dous xéneros distintos; así, mentres que nas de escarnio hai dous sentidos e o ataque non é directo (*equivoco*), nas de maldicir hai alusións explícitas (con nomes e apelidos) ás persoas ás que se lles quere facer burla. Dous exemplos do disco serían as cantigas tituladas *Elvira Pérez*, *Elvira Padrão* e *Martim Moia*.

En relación ao papel da muller na literatura medieval, dentro das cantigas de escarnio e maldicir existen os ciclos de cantigas dedicadas a soldadeiras, dentro dos cales resalta a figura de María Pérez “A Balteira”, da que falamos a continuación.

XÉNEROS DAS CANTIGAS





Detalle do retablo mural da Paixón, no refectorio da catedral de Pamplona. Xoglaresa tocando unha viola. Obra de Juan Oliver, 1330. Museo de Navarra

3.2. As soldadeiras

María Balteira foi probablemente a soldadeira máis popular do século XIII, nomeadamente, na corte de Afonso X o Sabio. As soldadeiras eran mulleres adscritas á corte que tiñan como oficio cantar e bailar e recibían por iso unha soldada (antiga moeda de ouro), de aí o nome. Nas ilustracións do *Cancioneiro de Ajuda* aparecen danzando, tocando as castañetas ou o pandeiro na compañía do xogar que tanxe unha guitarra ou unha viola.

Temos noticia de Balteira polas cantigas de escarnio que lle dedican dez trobadores onde debuxan unha muller paradigma de todos os “vicios” e transgresións que a época condenaba: boca xuradora, practicante do tiro con béstia en competición cos homes, xogadora de dados trampulleira no xogo, libre no xeito de xacer con homes, transmisora de doenzas venéreas e supersticiosa... Como no caso das demais soldadeiras, non se fai ningunha referencia á súa arte, só a unha marxinalidade máis que evidente sendo considerada unha provocadora en toda regra. Eran tempos en que, teoricamente, a muller só podía elixir entre o amor santo no claustro ou no matrimonio. Deste xeito, ser soldadeira significaba vivir á marxe diso e dispor dunhas liberdades que non eran ben vistas nin aceptadas socialmente.

Fica, por último, a dúbida sobre que datos das cantigas responden á auténtica biografía de María Balteira e cales á imaxinación dos homes da época, que fixeron dela obxecto de escarnio e de discursos moralizantes. Con todo, a lenda desta muller traspasa os séculos e segue inspirando autoras e autores dos nosos días que a ven como un ar de liberdade nas ríxidas normas coas que o sistema patriarcal marcou sempre o territorio feminino.

Recomendación: como curiosidade sobre figuras femininas relegadas á sombra, podedes botarlle unha ollada ao libro *Tres mulleres galegas de armas tomar; María Balteira, María Castaña e María Soliña*.

3.3. Onde podemos atopar as cantigas?

As cantigas da lírica medieval galego-portuguesa chegan aos nosos días grazas aos cancioneiros, libros que reúnen pezas líricas de un ou máis autores, formando algo similar a unha antoloxía. Na lírica galego-portuguesa hai tres cancioneiros fundamentais:

Cancioneiro da Ajuda (a): recibe este nome porque se encontra na biblioteca do Pazo da Ajuda, en Lisboa. É o manuscrito máis antigo pero tamén o máis incompleto, porque a pesar de conter 310 composicións estas non teñen o nome do autor. Ademais, neste cancioneiro só podemos encontrar cantigas de amor e as composicións non contan coas notacións musicais (se ben si se conserva o espazo para elas).


Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (b): é chamado así polo lugar onde se atopa. Considérase unha copia doutro, pois foi manuscrito a través de testemuños polo humanista italiano Angelo Colocci. Nel recóllense un total de 1567 cantigas co nome do autor especificado e podemos distinguir cantigas dos tres xéneros: de amor, de amigo e de escarnio e maldicir. Canto á música, tampouco aparece neste cancioneiro notación musical ningunha, nin tan sequera o espazo para ela, como si acontece no *Cancioneiro da Ajuda*.

Cancioneiro da Vaticana (v): encóntrase na biblioteca do Vaticano, en Italia. Ao igual que o anterior, tamén é considerado unha copia de Angelo Colocci, da mesma época. Reúne cerca de 1200 composicións pertencentes aos tres xéneros e tampouco presenta notación musical.

Máis alá destes tres cancioneiros principais, hai dous testemuños que, se ben non achegan composicións novas por encontrárense todas xa nos anteriores cancioneiros mencionados, son importantes por seren os únicos en achegar notación musical:

Pergamiño Vindel (n): trátase dunha folla de pergamiño que conserva sete cantigas de amigo compostas polo trovador galego Martin Codax, seis delas acompañadas da correspondente notación musical na primeira estrofa, feito que nos permite reinterpretalas actualmente. Neste caso, o nome non vén dado polo lugar en que se atopa, senón que fai honra á persoa que o descubriu, un libreiro chamado Pedro Vindel. Actualmente, este pergamiño consérvase na Pierpont Morgan Library de Nova York.

Pergamiño Sharrer (d): trátase dun manuscrito que recolle as sete cantigas de amor compostas polo rei D. Dinis. Da mesma forma ca o *Pergamiño Vindel*, este manuscrito fai referencia á persoa que o atopou, Harvey L. Sharrer. Actualmente, consérvase no Arquivo Nacional da Torre do Tombo, en Lisboa.



Detalles das distintas obras:
Cancioneiro da Ajuda
Cancioneiro da Vaticana
Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa
Pergamiño Vindel
Pergamiño Sharrer



A corte de Afonso X nun dos códices
das *Cantigas de Santa María*.
Biblioteca do Escorial

3.4. Autoría e interpretación das cantigas

Xograr: un xograr era un artista polifacético dedicado ao divertimento e entretemento durante a Idade Media en Europa, de orixe social plebea. O xograr adoitaba ser capaz de tocar instrumentos, cantar, contar historias ou lendas, recitar poemas, realizar acrobacias, remedar, amais doutros xogos e destrezas.

Trobador: os trobadores eran poetas líricos ligados ás cortes de entre a segunda metade do século XI e o século XIII, por iso a miúdo proviñan de liñaxes nobres. O nome provén do verbo trobar que significaba “compór versos”. Era un compositor.

Segrel: moi parecido á figura do trobador, pero, se ben este era da nobreza alta, o segrel era xeralmente da nobreza baixa ou un infanzón pobre (pequeno fidalgo).

Menestrel: instrumentista que interpretaba as cantigas. Músico.

Deberíamos considerar tamén a muller como a autora, ou cando menos a inspiradora, de moitas das cantigas que chegaron aos nosos días. De feito, hai teorías, como a sostida pola especialista Ria Lemaire Mertens (e que podemos encontrar no libro disco *Cores do atlántico*, da compositora Socorro Lira) que afirman que as cantigas de amigo serían, en realidade, cantigas de traballo transcritas e recompiladas por homes, que eran os que naqueles tempos posuían o poder cultural. Segundo esta hipótese, sería esta autoría, por tanto, colaborativa.

3.5. “Ingredientes” das cantigas

Para compor unha cantiga medieval, necesítanse determinados elementos que eran moi frecuentes na época. Igual que hoxe en día podemos ver cancións con estrofa e retrouso, por aquel entón as cantigas presentaban elementos estruturais moi curiosos:

Cobra: é o que hoxe en día coñecemos como estrofa, mais que daquela constituía non só unha unidade poética, senón tamén unha unidade musical. As cobras están compostas por un número variábel de versos que vai dende dous ata trece.

Paralelismo: é unha fórmula compositiva propia e moi característica da poesía popular baseada na repetición. Dependendo dos elementos lingüísticos que se repiten podemos distinguir:

- Paralelismo literal: repetición de palabras.
- Paralelismo estrutural: repetición de estruturas sintácticas ou rítmicas.
- Paralelismo semántico: repetición de significados.

Un exemplo claro de paralelismo encontrámolo na Cantiga número III do *Pergamiño Vindel* que Iris e Xoán nos cantan no disco, se ben todas as cantigas do pergamiño se configuran a través del:

*Mia irmana fremosa, treides comigo
a la igreja de Vigo, u é o mar salido
e miraremos las ondas.*

*Mia irmana fremosa, treides de grado
a a la igreja de vigo u é o mar levado
e miraremos las ondas.*

*A la igreja de Vigo, u é o mar levado
e verá i, mia madre, o meu amado
e miraremos las ondas.*

*A la igreja de Vigo, u é o mar salido,
e verá i, mia madre, o meu amigo
e miremos las ondas.*

Leixaprén (*deixa e prende*): o leixaprén serve para darlle unha sensación rítmica de “vaivén” á composición. Consiste nunha repetición do verso en *cobras* (estrofas) alternas, non dándose endexamais en estrofas consecutivas. Así, o segundo verso da primeira cobra repítese tal cal como primeiro da terceira e o segundo verso da segunda estrofa como primeiro da cuarta. Temos un exemplo na Cantiga número V do *Pergamiño Vindel*:

- > *Quantas sabedes amar amigo,
treides comig' a lo mar de Vigo
e banhar-nos-emos nas ondas.*
- > *Quantas sabedes amar amado,
treides comig' a lo mar levado
e banhar-nos-emos nas ondas.*
- > *treides comig' a lo mar de vigo
e veeremo' lo meu amigo
e banhar-nos-emos nas ondas.*
- > *Treides comig' a lo mar levado
e veeremo' lo meu amado
e banhar-nos-emos nas ondas.*

Dobre: repítese unha palabra en dous lugares simétricos dunha estrofa. Axuda a remarcar unha idea. Un exemplo témolo nesta cantiga de Afonso Gomez contida no disco:

*Martim Moia, a mia alma se perca
polo foder se vós pecado haveades,
nem por bõos filhos que [i] fazedes;
mais haveades pecado pola erva
que comestes [e] que vos faz viver
tam gram tempo, que podeades saber
mui bem quando naceu Adam e Eva.*

Mordobre ou mozdobre: parécese moito ao dobre, pero no canto de repetirse a palabra tal cal, aparece “derivada” ou modificada nos morfemas gramaticais; isto é, mantense o lexema nada máis, a raíz. Serve para facer progresar unha idea. Un exemplo témolo nesta cobra da cantiga de amor de Pero da Ponte:

*Se eu podesse desamar
a quem me sempre desamou,
e podess'algun mal buscar
a quem me sempre mal buscou!*




Fiinda: é unha estrofa máis breve situada ao final da cantiga que resume o seu contido. Precisamente a Cantiga número VII do *Pergamiño Vindel* poderíamola considerar unha fiinda, debido á súa brevidade.

*Ai ondas, que eu vim veer,
se me saberedes dizer
porque tarda meu amigo sem mim?*

*Ai ondas, que eu vim mirar,
se me saberedes contar
porque tarda meu amigo sem mim?*

RECURSOS DAS CANTIGAS



3.6. Simbología das cantigas de amigo, de amor e de escarnio

Nas cantigas é habitual a utilización de palabras que teñen un valor simbólico (é dicir, que fan referencia a conceptos distintos e case sempre universais, como o amor, a morte, a sexualidade...). Identificalos permítenos descifrar de mellor maneira o significado da cantiga. Algúns dos símbolos máis importantes son os seguintes:

Ondas: se ben a auga é símbolo de erotismo, paixón e mesmo fecundidade e vida, as ondas nas composicións de Martin Codax reflicten o poder do mar como camiño de ausencias, a distancia entre a namorada e o amigo. En verdade, segundo datos históricos, a namorada das composicións do *Pergamíño Vindel* estaría á espera do amigo que saíu en combate militar e que volvería polo mar. As ondas convértense así en confidentes, que aparecen constantemente: *e miraremos las ondas*.

Baños: como a auga ten connotación erótica nas composicións medievais, a referencia aos baños vai nesta mesma liña:

*Quantas sabedes amar amigo
treides comig' a lo mar de Vigo
e banhar-nos-emos nas ondas!*

Cabelos: a expresión “lavar os cabelos” ten nestas composicións unha connotación erótica, xa que a muller solteira levaba o cabelo á vista, é dicir, solto, mentres que a muller casada tiña que recollelo. Os cabelos serían así unha marca da sensualidade feminina.

Cervo: simboliza a fecundidade, a virilidade do amigo, do ardor amoroso. Cando o cervo turba a auga, indica a confusión e o atordamento de espírito que o encontro amoroso provoca. Na cantiga de Pero Meogo temos:

*Talhei-lh'eu preito de o ir veer
ena fonte u os cervos vam beber*

Flores: poden remitirnos á delicadeza e feminidade.

Fonte: é orixe da vida e da maternidade; as augas limpas poden indicar a pureza da muller.

Coita: sufrimento amoroso ou “mal de amores” experimentado a raíz do amor prohibido que un home sente pola súa *senhor* (lembramos que a muller estaba normalmente casada).

Amigo: pode ser referido ao “amado” e tamén ao tipo de cantigas de amigo, nas que o sentimento amoroso é visto e cantado dende a óptica dunha muller. Ela, frecuentemente, lamentase pola ausencia do amado ou conversa coa nai, unha irmá ou outras amigas sobre a súa *coita* e sobre o feito de ir visitar o amigo. Na cantiga de Martin Padrozelos *Amigas, seja cuidando* temos unha expresión da sororidade ou compañeirismo entre as mulleres que a protagonizan: coma na actualidade, unha rapaza expresa a súa preocupación ante a posibilidade de que o amigo non acuda á cita marcada e as amigas escóitana:

*Amigas, seja cuidando
no meu amigo, porque nom vem,
e sal-m'este coração
e estes olhos chorando,*



Senhor: aparece moito nas cantigas de amor. Significa “señora” ou “dona do corazón” do namorado que está a cantar. Canto ás descrições da *senhor*, non adoitan ser detalladas e sempre aluden ao bo parecer, ao ben falar e á mesura ou prudencia da *senhor*. Esta louvanza da dama é unha parte fundamental dentro da estrutura das cantigas de amor; de feito, na cantiga de Nuno Fernandez de Mirapeixe *Dizer-vos quer’eu, mia senhor* temos:

*Nunca quiserom, nem querrám,
nem que[rem] tam gram bem molher*

As aves: representan o canto alegre do amor ou o contrapunto á tristura da namorada que ve como os paxaros cantan alegres namentres ela chora polo seu namorado. Un exemplo podémolo encontrar nunha cantiga de Nuno Fernandez Torneol, tamén musicada en varias ocasións¹:

*Levad’, amigo, que dormides as manhanas frias
toda-las aves do mundo d’amor dizia[n]
leda mi and’eu*

Vento: elemento masculino; é o sopro fálico (sexual) que esperta a sensualidade feminina. Pode relacionarse coas inquedanzas ou representar a fecundidade.

Camisa: primeira peza da roupa interior do home e da muller; substituta simbólica do corpo. “Lavar *camisas*” prefigura o baño nupcial e simboliza a expectativa íntima da moza.

Outras prendas: a touca ou a cinta como prendas entregadas son sinal de correspondencia amorosa.

“Os Amantes”. Miniatura pertencente ao Codex Manesse (S XIV). Biblioteca da Universidade de Heidelberg



1. Hai unha versión exquisita desta cantiga no disco *Cores do Atlántico*, interpretada por Socorro Lira e João Afonso que podedes escoitar na aula.



3.7. Pequena achega sobre a pronuncia

Xoán Curiel
Foto: Juan Luís Rúa Prieto

Tras a fundación de Gallaecia polos romanos, o latín vulgar converteuse na lingua de uso común. Co paso do tempo, esta variante do latín foise transformando no que coñecemos como galego-português, lingua que gozou de bastante prestixio durante a Idade Media e que nos chega a nós mediante as cantigas.

Gallaecia non se corresponde exactamente coa Galicia que temos hoxe, senón que abrangía polo sur un anaco do que hoxe é Portugal e polo leste un anaco do que hoxe coñecemos como Asturias e Castela e León. No século XII o sur da Gallaecia independizouse baixo o nome de Portugal e este suceso provocou cambios na pronuncia, pois Portugal evolucionou con ese galego-português e Gallaecia continuou baixo o dominio castelán-leonés.

Do galego-português medieval destacan algunhas características que tentamos reproducir á hora de cantar no disco. Poñemos dous exemplos:

Coraçom: O “ç” pronúnciase coma un /ts/.

Melhor: O “lh” pronúnciase de forma moi similar ao /ll/.

Aínda que no disco a nosa intención foi reproducir a pronuncia que se supón máis correcta, non sempre nos foi posíbel. É por iso que pedimos desculpas de antemán por se houber erros.

Ç / ts

LH / ll

4. HISTORIA DO PERGAMIÑO VINDEL

A historia do *Pergamiño Vindel*, non como composición², senón como manuscrito, comeza a finais de 1913 ou comezos de 1914, co libreiro e anticuario Pedro Vindel (1865-1921).

Nacido en Olmedo de la Cuesta (Cuenca), foxe da casa con 10 anos, traballa en varios mesteres humildes e tamén como vendedor de periódicos. Unha vez en Madrid, tócanlle 75.000 pta. na Lotaría Nacional e monta unha librería de segunda man en pleno centro de Madrid, á que acoden escritores como Azorín ou Emilia Pardo Bazán. Nela, na garda dun códice do século XIV que contiña a copia do tratado *De Officiis* de Cicerón, e sabendo que os códices adoitaban forrarse nesta época con pergamiños medievais carentes de interese, fai a súa descuberta: nunha folla de aproximadamente 34 por 45 centímetros, a catro columnas, escrita con caligrafía gótica redonda, estaban transcritas sete cantigas de amigo en galego, seis delas acompañadas da notación musical correspondente. No recanto superior esquerdo, en letras vermellas, líase o nome do autor: Martin Codax.

Non sendo persoa douta en literatura galego-portuguesa, Pedro Vindel decide pórse en contacto cun experto na materia: o intelectual pontevedrés Víctor Said Armesto, que examinou o manuscrito e se decatou da transcendencia do achado. Explicaríalle ao libreiro que aquel pergamiño se configuraba como o primeiro manuscrito medieval con indicacións para ser musicado (habería que esperar uns anos para dar co segundo códice con notación musical: o *Pergamiño Sharrer*, que se chamaría así tamén polo seu descubridor).

O manuscrito ficou na súa librería até o 1918, ano en que é mercado polo musicólogo catalán Rafael Mitjana, diplomático en Uppsala. O documento quedou na súa biblioteca en Suecia, onde a viúva de Mitjana continuou a residir, após a súa morte. Unha vez finado o matrimonio, o pergamiño é posto á venda polos seus herdeiros e fica esquecido polas autoridades pertinentes que o deberían ter protexido como documento histórico valiosísimo. Adquirido moitos anos despois polo bibliófilo profesional Otto Haas, ofrécese en pública almoeda en Londres, ocasión aproveitada pola Pierpont Morgan Library de Nova Iorque para incluílo nos seus fondos. Tampouco nesta ocasión ningunha institución galega, española ou portuguesa interveu para recobrar o valioso documento, un dos máis apreciados da literatura galega, hispánica e europea medieval. Do Museo Morgan viaxou no 2017 até Vigo, para ver a paisaxe que o inspirou. Por desgraza, volveu a terras estranxeiras, coma un emigrado máis, en marzo de 2018.



2. Ao respecto, coidado! As cantigas do *Pergamiño Vindel*, malia citaren o topónimo de Vigo e faceren referencia ás paisaxes da ría de Vigo, foron escritas en Toledo, na corte de Afonso X o Sabio, a finais do século XIII.



Fermín Bouza Brey



Álvaro Cunqueiro



Xosé Mª Álvarez Blázquez

5. NEOTROBADORISMO

A descuberta nas primeiras décadas do século XX das cantigas medievais galego-portuguesas deu orixe, ao redor de 1930, á corrente coñecida como Neotrobadorismo. Esta corrente supón unha relectura da lírica medieval galego-portuguesa, utilizando os recursos estilísticos e temáticos propios dos trovadores.

O fundador do Neotrobadorismo foi Fermín Bouza Brey (*Nao Senlleira*, publicado en 1933 e *Seitura* en 1955), mais houbo outros moitos autores neotrobadorescos entre os que destacan Álvaro Cunqueiro (*Cantiga nova que se chama Ribeira* publicada en 1933 e *Dona do corpo delgado* en 1950) e Xosé Mª Álvarez Blázquez (*Cancioneiro de Monfero* publicado en 1953). A Álvaro Cunqueiro pertence, precisamente, esta poesía, que sería musicada posteriormente polo músico galego Luís Emilio Batallán.

*No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!*

*Canta ao luar e ao mencer
en frauta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!*

*Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!*

*Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!*

Cunqueiro, Álvaro, *Cantiga nova que se chama Ribeira*, en *Obra en galego completa*, Vigo, Ed. Galaxia, 1980.

6. OS INSTRUMENTOS DO *TREIDES COMIGO!*

Definición dos instrumentos utilizados no disco *Treides comigo!*

Consultade o libreto do disco para comprobar cales son os instrumentos (medievais ou non) que aparecen en cada tema.

ZANFONA

Instrumento musical de corda con teclado, que funciona mediante unha manivela que fai xirar unha rolda que ao frotar as cordas produce o son. De orixe europea, aparece nos primeiros documentos (esculturas pétreas en igrexas) no século XII, sendo utilizada na música relixiosa e na música profana medieval. Nos seus inicios foi instrumento de grande estima social e a partir do século XIV ficou nas camadas populares onde perdurou marxinalmente no noroeste ibérico até comezos do século XX. Hoxe vive outro magnífico esplendor.

DULCIMER

Tamén chamado dulcémele, salterio ou tympanon é un instrumento de corda percutida. Está composto de varias cordas de arame dispostas en grupos de dous a cinco por nota e distribuídas ao longo dunha caixa de resonancia plana e con forma trapezoidal. É un antecesor do piano, aínda que se toca con varillas de madeira ou metálicas. Apareceu en Europa na Idade Media e foi representado en ilustracións e esculturas a partir do século XII. Aínda que se atopa na música folclórica de toda Europa, moi probablemente a orixe do instrumento é o sudeste asiático.

ARPA

Instrumento de corda pulsada formado por un marco resonante e unha serie variábel de cordas tensadas. Ten as súas orixes en Exipto e Grecia. O son obtense ao tocar as cordas cos dedos. Este instrumento tivo moita repercusión en Europa durante a Idade Media e o Renacemento, onde evolucionou dando lugar a un gran número de variantes por todo o mundo. Algúns tipos son a arpa clásica (utilizada actualmente en orquestras), a arpa celta ou a arpa andina.

FRAUTA

Instrumento da familia vento-madeira que consta dun tubo cilíndrico que produce o seu son a partir do fluxo de aire, insuflado polo instrumentista, que entra a través dunha abertura ou bisel que vibra grazas ao contacto contra o bordo da embocadura.

FRAUTA TRAVESEIRA

Instrumento que consta dun tubo cilíndrico que produce o seu son a partir do fluxo de aire. No século XIX, Theobald Böhm perfeccionou o instrumento engadindo novos orificios e un novidoso e sofisticado sistema de chaves mais ergonómico, que facilitaba a dixitación. Dende entón o deseño apenas sufriu cambios, aínda si nos materiais, xa que pasaron a fabricarse de metal.

Durante os séculos XI-XIII, a frauta traveseira non era moi común en Europa, senón que predominaba a frauta doce. A frauta traveseira chegou a Europa dende Asia.

CLARINETE

Instrumento da familia vento-madeira que consta dun bocal ou boquilla con cana simple, á que, no século XIX tras o seu perfeccionamento, se lle engadiu un sistema de chaves. O seu nome provén do termo *clarín*, que antigamente se usaba para designar a trompeta.

CORNO

Un dos máis sinxelos e antigos instrumentos de vento. Consiste nun corno de animal oco (touro, carneiro, cabra...), no cal a punta é perforada para adaptala como boquilla. Foi usado historicamente para fins de chamada, comunicación, rituais de guerra... Posteriormente, usáronse barro, madeira e metal para a súa fabricación.

TROMPETA

Instrumento da familia vento-metal. O son prodúcese mediante a vibración dos beizos na boquilla a partir da columna do aire.

CROMORNO

Instrumento da familia vento-madeira cunha lingüeta encapsulada que ten forma de bastón. O cromorno tivo gran popularidade durante o Renacemento.

GUITARRA ESPAÑOLA

Guitarra española: instrumento de corda pulsada, tamén chamada guitarra “clásica”. Está formada por unha caixa de resonancia, un mastro e, loxicamente, cordas, que poden ser de tripa ou nailon.

GUITARRA ACÚSTICA

Guitarra acústica: instrumento de corda pulsada. Como característica, ten as cordas fabricadas en metal e conta cunha caixa de resonancia que adoita ser maior que a da guitarra española. O mastro da guitarra acústica é mais estreito que nunha guitarra española e as distancias entre os trastes tamén son menores.

CAMPÁ

Trátase dun instrumento de percusión. Está formada por unha copa invertida e oca, xeralmente de bronce, que ao ser golpeada por un badalo interior ou por un martelo exterior produce un son máis ou menos grave ou agudo en función do tamaño que teña a campá.

BOMBO

Instrumento musical de percusión da familia dos membranófonos. Está formado por unha caixa redonda de madeira recuberta con parches que se fan resoar batendo neles cunha maza recuberta. A utilización do bombo aparece xa documentada durante toda a Idade Media. É un instrumento moi recoñecíbel dentro da música tradicional galega.

PANDEIRETA

Instrumento musical de percusión da familia dos membranófonos. Está formada por un aro sobre o que se tensa unha pel de cabra, cubrindo o lateral. Suxeito a el hai un conxunto de elementos, xeralmente ferreñas. Adóitase tocar batendo as mans contra o coiro de diferentes maneiras. É un instrumento con miles de anos de antigüidade, moi presente na Idade Media.

PANDEIRO DE PEÑAPARDA

Instrumento de percusión, tamén chamado adufe, de forma cadrada feito con pel de cabra tensada. A súa orixe probablemente sexa astur-leonesa. Adoita tocarse cunha porra por asimilación cos tamborileiros, aínda que neste caso a posibilidade de poder tocar coas dúas mans (unha coa porra e a outra na pel) ofrece posibilidades diferentes.

PANDEIRETA ÁRABE

Mais coñecido como *riq*, é un instrumento de percusión da familia dos membranófonos de orixe árabe moi similar ao noso concepto de pandeireta. Este instrumento é especialmente valorado pola variedade de sons que pode producir.

CRÓTALOS

Instrumento de percusión formado por dous pratiños cóncavos de bronce suxeitos cunha fita entre o polgar e o índice, que se golpean un contra o outro para que soen. Aínda que na actualidade son de metal, nas súas orixes eran de madeira, moi parecidos ás castañolas.

CASCABEIS

Instrumento de percusión que consta dunha pequena esfera metálica oca cunha pequena abertura dentro da cal sae outra de menor tamaño chamada escrupulillo. Esta esfera contén un burato, o que permite a resonancia. O son prodúcese polo choque entre as dúas esferas, a exterior e a interior. Ten un son lixeiramente agudo.

DERBOUKA

Instrumento de percusión de orixe árabe. É un tambor cunha única membrana e forma de copa que orixinalmente era de barro para a caixa de resonancia e pel de cabra ou peixe para a membrana, aínda que tamén é frecuente que a caixa sexa de madeira.

BENDHIR

Trátase dunha especie de pandeiro duns 40cm de diámetro feito con pel de cabra en cuxo interior ten varias cordas feitas de tripa (bordón) que coa vibración dan resonancia ao instrumento.

ESCOITA O DISCO COMPLETO



Músicos nun dos códices das *Cantigas de Santa María*.
Biblioteca do Escorial

7. ACTIVIDADES

1 Investiga a respecto dos instrumentos musicais utilizados neste disco *Treides comigo!*

A) Cales podemos considerar que son medievais?

B) Clasifica os seguintes instrumentos por grupos: vento / corda / percusión

Zanfona	_____	Arpa	_____
Clarinete	_____	Cromorno	_____
Pandeireta	_____	Frauta	_____
Dulcimer	_____	Guitarra	_____
Derbouka	_____	Campás	_____
Corno	_____	Bendhir	_____

C) Hai algún dos instrumentos mencionados que teña orixe árabe?

D) Escolle unha canción ao chou deste disco, escoita as sonoridades que aparecen e anota os instrumentos que pensas que se están a utilizar na canción. Comproba no libreto do disco se acertaches.

2 Cal é a canción que máis che gustou do disco?

A) Volve escoitala e intenta resumir nunhas liñas por que che gusta e de que pensas que trata.

B) Cotexa o significado real da cantiga co teu docente. Conseguiques descifrala?

C) Sabes dalgunha canción actual que aborde o mesmo tema do que fala a cantiga que escolliches?

3 Coa axuda do voso profesor ou profesora e por grupos, intentade inventar a vosa propia cantiga, respectando a estrutura e algúns dos recursos estilísticos da lírica galego-portuguesa (paralelismo, leixaprén, dobre, mordobre e fiinda).

Cando rematedes, lédea en alto tentando respectar a pronuncia galego-portuguesa que escoitades no disco. Finalmente, se vos atrevedes, inventade unha melodía para a dita cantiga e cantádea.

4 Cal é a diferenza entre trobador, xograr e menestrel? Hoxe en día, dentro do mundo da música, que personaxe podería ser un trobador e quen un xograr?

5 Por que se chama *Pergamiño Vindel*?

6 Cantas cantigas ten o *Pergamiño Vindel*? Cantas teñen notación musical? Onde está o *Pergamiño Vindel* na actualidade?

7 Por grupos, escollede unha cantiga do disco *Treides comigo!* e intentade identificar elementos simbólicos das cantigas, facendo referencia ao que representan.

8 Describe o argumento principal ou temática que podemos atopar en cada un dos tres xéneros principais da lírica galego-portuguesa.

9 Que tipo de cantigas poderemos encontrar se consultamos o *Cancioneiro da Ajuda* (a)? Por que se chama así?

10 Comenta as principais diferenzas entre o *Cancioneiro da Ajuda* (a) e o da Biblioteca Nacional de Lisboa (b).

- 11 Por que se lles dá tanta importancia aos Pergamiños *Sharrer* e *Vindel*? Cal é a diferenza principal ao respecto dos cancioneros?
- 12 Pregunta de reflexión crítica: por que cres que non hai trobadoras? Cres que é posíbel que detrás das cantigas medievais galegas haxa unha autora feminina?
- 13 Sabes o que é unha soldadeira? Coñeces a María Balteira? Busca información sobre ela. Abride un debate na aula sobre o papel da muller na literatura e arte medieval. Cambia moito con respecto a hoxe en día?
- 14 Que é o Neotrobadorismo? Coñeces autores que o teñan cultivado? E algunha obra? Examinádeas e comparade as orixinais coas contemporáneas, tanto dende o punto de vista formal como de contido.
- 15 Pregunta trampa: onde foron escritas as cantigas do *Pergamiño Vindel*?
- 16 Que confidentes encontra a namorada para falar do amor polo seu amigo?
- 17 O xénero escarnio e maldicir adoitamos atopalo como un todo, saberías dicir se existe algunha diferenza entre ambas? Se é así, descríbea.
- 18 Escoitas algo na pronuncia destas cantigas que che chame a atención? Coméntao na clase.
- 19 A seguinte cantiga é de amigo, de amor ou de escarnio e maldicir? Saberías dicir se existe algún elemento (ou a ausencia dalgún elemento) que che permita saber a que xénero se corresponde?

*Loavam um dia, em Lugo,
Elvira Pérez,[...] Elvira Padrão;
todos diziam que era mui bõa
e nom tenh'eu que diziam mentira,
ante tenho que diziam razom;
e Dom Lopo [Lias] diss[e] entom,
pero bõa fé, que já x'el melhor vira.*

*Ficou já a dona mui bem andante,
ca a loarom quantos ali siiam,
e todos dela muito bem diziam;
mais Lopo Llias estede constante:
como foi sempre um gram jogador,
disse que vira outra vez melhor,
quand'era moça, em cas da infante.*

20 Pasapalabra

- A: nome do cancionero máis incompleto no que só podemos atopar cantigas de amor.
- B: instrumento de percusión que aparece no disco, utilizado moito na música tradicional.
- C: dise do símbolo que está ligado ao erotismo, especialmente cando se lavan.
- D: se repetimos unha palabra en dous lugares simétricos dunha estrofa temos un...
- E: dentro das cantigas medievais temos de amigo, de amor e de...
- F: aínda que breve, concentra todo o significado dunha cantiga ao final da mesma.
- G: instrumento de corda pulsada, composto por unha caixa de resonancia, un mastro e cordas, e que no disco o podemos atopar do tipo acústica ou española.
- H: contén o “h”: nome doutro pergamiño da lírica galego-portuguesa que presenta notación musical
- I: nome da cantante do disco *Treides comigo!*
- L: o segundo verso da primeira cobra repítese literalmente como primeiro da terceira e o segundo verso da segunda estrofa como primeiro da cuarta.
- M: famosa soldadeira galega.
- N: corrente literaria vangardista, e polo tanto do século XX, cen por cen galega que bebe das cantigas medievais.
- O: contén o “o”: persoa á que son dirixidas as cantigas de amor.
- P: fórmula compositiva propia da poesía popular baseada na repetición.
- Q: contén o “q”: autor da poesía pertencente ao movemento do Neotrobadorismo “No niño novo do vento”.
- R: contén o “r”: nome dun trobador moi coñecido ligado á cidade de Vigo.
- S: este é o número de cantigas que contén o *Pergamiño Vindel*.
- T: músicos que interpretaban as cantigas.
- U: contén o “u”: apelido do autor das músicas deste disco e cantante do mesmo.
- V: contén o “v”: simbolicamente, “bambi” que representa o obxecto de desexo nas cantigas de amigo.
- X: non é unha letra, senón un número. Baixo o reinado de que rei famoso se baralla que escribiu Martin Codax as cantigas que integran o *Pergamiño Vindel*.
- Z: instrumento musical de corda con teclado, que funciona mediante unha manivela que fai xirar unha roda que ao frotar as cordas produce son.



21 Xogo online

Dinámica na plataforma genial.ly a modo de test sobre os contidos.

<https://view.genial.ly/615aa6ea7deef00e1f33ea15/interactive-content-copia-copia-quiz-imagen>



UN PROXECTO DE
Xoán Curiel

xoancuriel.com
658 263 199



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 21-22